

O COMEZO DO VERÁN

Yasujiro Ozu, 1951

1222

ESTREA EN NUMAX: 19.01.2024 | V.O.S.E. | 124 min

No Toquio da posguerra, os membros dunha familia de clase media levan unha vida tranquila. A súa única preocupación é a solteiría de Noriko, a filla maior, que xa ten 28 anos. Pero a sociedade está a mudar e Noriko, que traballa e se divirte coas súas amigas, non sente a menor necesidade de ter un marido. Porén, o seu irmán considera moi imprudente a actitude independente da moza.

«Un vehículo perfecto para transitar polos pequenos praceres e decepcións que atravesan as nosas vidas»

Jake Euker, FILM CRITIC



Un toque de indefinición

Por Yasujiro Ozu

Neste filme máis que a historia en si, quería ilustrar algo máis profundo... como o samsara ou a fugacidade das cousas (mujo). Así que traballei arreo. Houbo quen dixo que o meniño que aparece na película é vivaz e indisciplinado de máis... Pero é a idade: cando medre cambiará. Tratei de non controlalo todo exhaustivamente, de deixar aquí e acolá un toque de indefinición para dar ao filme un sabor agradable que se puidera degustar cada vez que se vise. Coido que as persoas que teñen este tipo de sensibilidade terano entendido.

E [Setsuko] Hara é unha persoa exquisita. Gustaríame ter outras catro ou cinco actrices coma ela.

Fragmento de *La poética de lo cotidiano. Escritos sobre cine*, Yasujiro Ozu (Gallo Nero: 2017)

Sen guión

Por Donald Richie

Ozu tennos dito que a trama era algo que o aburría e co paso dos filmes puidemos comprobar a súa gradual liberación das penas que esta implicaba. Con *O comezo do verán* tórnase evidente o limitado papel que a narrativa pasa a ter no seu cinema. Ozu escribiu sobre *O comezo do verán*: "Neste filme quería mostrar un ciclo de vida. Quería representar a mutabilidade (rinne). Non estaba interesado na acción en si. Nunca traballei tan arduamente na miña vida... Non desenvolvín a acción de forma algunha, e ao remate do filme, consecuentemente, debe deixarse ao público unha sensación perdurable".

Noutras palabras, Ozu tiña descuberto que narrativa non significaba necesariamente dramatización, polo menos non dunha forma primaria. Conseguímos asistir ao seu proceso de aprendizaxe. Os seus primeiros diarios están cheos de reclamacións por parte dos produtores sobre a ausencia dunha historia, ou mellor dito pola ausencia de formas visibles de dramatizar a historia que ten en mans. Son tan numerosas (a única entrada máis frecuente ca esa é: "bébedo outra vez, onte á noite") que axiña nos decatamos do problema que a dramatización supuña para el.

Daquela, subitamente, a xeito de petición de axuda nun texto de abril de 1937 na preparación de *Que esqueceu a señora?* (1937), Ozu indica: "Cheguei á última liña do guión: non hai historia". A partir dese momento as queixas desaparecen. Desaparecen porque en *Irmáns e irmás da familia Toda* (1941) resolveu o problema. Non desfixo o nó, cortouno. Ozu descubriu que nin el nin os seus filmes tiñan nada a ver coas narrativas convencionais. O resultado desta mudanza vémolos en filmes como *Primavera tardía* (1949), *O comezo do verán* (1951) ou *Contos de Toquio* (1953). Neles o guión é apenas unha descrición (equilibrada, enxeñosa, incisiva) do que sucede. Pasa a ser progresivamente posible comprimir esta historia nunha descrición breve dunha única liña, aínda que esta non achegue ningunha indicación real sobre a enorme potencial emocional de cada filme.

Ozu, Donald Richie (*The Stone and the Plot*, 2020)